

ACTA DE ENTREGA POR EL AYUNTAMIENTO DE PONSAGRADA A LA EXCELENTISIMA  
DIPUTACION DE LEGO. A EFECTOS DE REPOBLACION FORESTAL. DEL MONTE DE  
NOMINADO "CERRO DO PITO"

El señor Alcalde de Fonsegrueda, intervenido del señor Secretario de la Corporación y en cumplimiento de lo acordado por la misma en sesión del día nueve de febrero de mil novecientos cincuenta y dos, hace entrega a la Excm. Diputación Provincial del monte "Cerro de Pito", a los efectos consignados en las Bases establecidas para el Consorcio con el Patrimonio Forestal del Estado, elevadas a escritura pública, en cinco de octubre de mil novecientos cuarenta.

El monte pertenece a las parroquias de Sedrero y Molro.

esta por cuadruplicado, suscrita por los señores arriba indicados  
representación de los Organismos interesados.


*[Handwritten signatures and stamps are present over the text.]*

## ELIJOYOLA

El monto a que se refiere el acta precedente, ha sido cedido para su repoblación al Concejo de esta Diputación con el patrimonio forestal del Estado mediante acuerdo del Ayuntamiento de Lugo, dada adoptado en Sesión de 9 de febrero de 1.952, según certificación obrante en esta Secretaría y fué aceptado a los expresados fines por acuerdo de esta misma Diputación de 29 de Julio de 1.952. Y al mismo hace referencia la precedente acta de entrega de la que tuvo conocimiento la Corporación Provincial al estudiar en su conjunto la memoria informativa y el Proyecto de repoblación aprobados en Sesión del día 27 de Junio último.

Lugo, 2 de Julio de 1.953.

El Secretario





MINISTERIO DE AGRICULTURA

## PATRIMONIO FORESTAL DEL ESTADO

DIRECCIÓN GENERAL

M.F.

8-9-55

Dirección General

8-9-55

Núm. 10292

ALBAN, 14

D.R.I.D.

Visto el expediente sobre adhesión del Ayuntamiento de Fonsagrada, al consorcio, vigente entre el Patrimonio y esa Diputación para la repoblación forestal de unas 245 Has. en el monte "Cruz de Pico", de la pertenencia de las parroquias de Maderne y Neiro, de la provincia de Lugo, y de conformidad con los informes emitidos.

Esta Dirección General ha acordado en fecha 25 de los corrientes, su aprobación definitiva.


Lo que comunico a V.S. para su conocimiento, el del Ayuntamiento interesado y demás efectos.

Dios guarde a V.S. muchos años.  
Madrid, 27 de agosto de 1.955.

EL DIRECTOR GENERAL



c. Ingeniero Director del Servicio Forestal de la Exma. Diputación provincial de Lugo.



Con fecha 11 del mes en curso, ha sido suscrito el Convenio del monte "LIÑARES DE MADERNE", 2717517, entre la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, de la Xunta de Galicia y los vecinos de Liñares de Maderne, de ese Término Municipal, conforme con la Ley 13/1.989, sobre Montes Vecinales en Mano Común.

Como en dicho monte se incluyen 44,75 Hás. del denominado "CRUZ DO PITO", LU2192, en Consorcio con ese Ayuntamiento, pongo en su conocimiento que en lo sucesivo las características del citado Consorcio serán las siguientes:

Nombre: "CRUZ DO PITO".

Elenco: LU-2192

Superficie: 163,25 Hás.

Pertenencia: Parroquias de Madener y Neiro.

Término Municipal: Fonsagrada.

Lugo, 19 de Abril de 1.991

EL JEFE DEL SERVICIO,

Fdo.: Mamel Martínez Garrido.


ENTERADO,  
EL DELEGADO PROVINCIAL,

Fdo.: José Ramón Molinero Senovilla.

Sr. Alcalde-Presidente del Ayuntamiento.

FONSAGRADA





El Excmo. Sr. Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, con fecha 27 de septiembre de 1.991, ha dictado una Resolución por la que se aprueba que el Consorcio del monte "CRUZ DO PIPO", LU-2192, perteneciente a las parroquias de Maderne y Nairo, en el municipio de Fonsagrada, se rescindan las superficies que se indican, por pertenecer a los siguientes propietarios:

|                                                 |            |
|-------------------------------------------------|------------|
| D. Ovidio Peñamaría de Llano y hermanos .....   | 6,40 Hás.  |
| D. José M <sup>te</sup> Rancaño Fernández ..... | 5,45 Hás.  |
| D. Amador Rancaño Fernández .....               | 15,93 Hás. |

En consecuencia las características de dicho Consorcio, en lo sucesivo, serán:

Nombre: "CRUZ DO PIPO"

Elenco: LU-2192

Superficie: 135,47 Hás.

Pertenencia: Parroquias de Maderne y Nairo

Término municipal: Fonsagrada.

Lo que le comunico a los efectos oportunos.

ENTERADO,  
EL DELEGADO PROVINCIAL,

P.A.

Lago, 20 de Enero de 1.992  
EL JEFE DEL SERVICIO,

Sr. Alcalde-Presidente del Ayuntamiento

FONSAGRADA

Con fecha 8 del pasado mes de Septiembre, ha sido suscrito el Convenio del monte "DE MAZAEDA", 2717551, entre la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes de la Xunta de Galicia y D. Manuel Fernández Robledo y otros vecinos del lugar de Mazaeda de ese término municipal.

Como en dicho monte se incluyen 55,55 Hás. del denominado "CRUZ DO PITO", LU-2192, en Consorcio con ese Ayuntamiento, pongo en su conocimiento que en lo sucesivo las características del citado Consorcio serán las siguientes:


Nombre: "CRUZ DO PITO"

Elenco: LU-2192

Superficie: 79,92 Hás.

Pertenencia: Parroquias de Maderne y Neiro.

Término municipal: A Fonsagrada.

Lugo, 18 de Octubre de 1.995  
EL JEFE DEL SERVICIO,  
  
Fdo. Manuel Martínez Garrido.

ENTERADO,  
EL DELEGADO PROVINCIAL,



Asdo.: José R. Molinero Senovilla.

Sr. Alcalde-Presidente del Ayuntamiento.

A FONSAGRADA





Con fecha 31 del pasado mes de Mayo, ha sido suscrito el Convenio del monte "MADERNE E SILVACHA", 2717559, entre la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes de la Xunta de Galicia y D. BENJAMÍN GUTIERREZ COUSO y otros vecinos de Maderne y Silva--chá, de ese término municipal.

Como en dicho monte se inclúyen 60,65 Hás. del denominado "CRUZ DO PITO", LU-2192, en Consorcio con ese Ayuntamiento, - pongo en su conocimiento que en lo sucesivo las características del citado Consorcio serán las siguientes:

Nombre: CRUZ DO PITO

Elenco: LU-2192

Superficie: 19,27 Hás.

Pertenencia: Parroquias de Maderne e Neiro.

Término municipal: A Fonsagrada

Lugo, 13 de Junio de 1.996

EL JEFE DEL SERVICIO,



Fdo.: Manuel Martínez Garrido.



ENTERADO,

EL DELEGADO PROVINCIAL,

Fdo.: José Ramón Molinero Senovilla.

Sr. Alcalde-Presidente del Ayuntamiento

A FONSAGRADA



**RESOLUCIÓN POLA QUE SE ACORDA DECLARAR A EXTINCIÓN PARCIAL DO CONSORCIO DE REPOBOACIÓN FORESTAL DO MONTE “CRUZ DO PITO”, SUBSCRITO CO CONCELLO DA FONSAGRADA (LUGO), ELENCO NÚMERO LU-2192. EXPEDIENTE CRF 21/2021.**

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**Primeiro.-** Con data do 6/11/2015 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia o escrito de D. Manuel Gutiérrez Fernández e Dña. Leandra Fernández López, en calidade de propietario e usufrutuaria, respectivamente, da parcela 31 do polígono 87 do concello da Fonsagrada, solicitando a cancelación (no ámbito da parcela 31, polígono 87) do consorcio de repoboación forestal do 25/8/1955, rexistrado con número de elenco LU-2192.

Ao respecto do dito consorcio, constan os seguintes antecedentes:

1. O 25/8/1955 foi aprobado o consorcio do monte “Cruz do Pito” LU-2192, subscrito entre o Patrimonio Forestal del Estado e o Concello da Fonsagrada a través da Excm. Deputación Provincial de Lugo, ao abeiro da Lei do 10 de marzo de 1951, de Patrimonio Forestal do Estado. Mediante escritura pública do 24/4/1981 do Notario D. Francisco Cruces Márquez, a Deputación queda relevada de todos os dereitos e obrigas derivadas do consorcio. Dende a súa aprobación ata o 31/5/1996 foron aprobadas 4 modificacións do consorcio orixinal, pasando a ter na actualidade 19,27 ha.

2. O 31/5/1996 foi aprobado o convenio “Maderne e Silvachá”, 2717559, subscrito entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e D. Benjamín Gutiérrez Couso e D. Clemente Fernández López, en virtude dos poderes notariais outorgados na Fonsagrada o 30/8/1995, 20/9/1995, 25/10/1995 e 15/11/1995. A superficie conveniada foi de 215 ha, incorporando nesta superficie 60,65 ha do consorcio “Cruz do Pito”, LU-2192.

**Segundo.-** O Servizo de Montes de Lugo, unha vez consultada a información dispoñible, verifica que a parcela 31 do polígono 87 do concello da Fonsagrada forma parte do ámbito delimitado polo convenio “Maderne e Silvachá”, 2717559.

**Terceiro.-** Con data do 3/2/2016 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia un escrito de D. Manuel Gutiérrez Fernández e Dña. Leandra Fernández López solicitando a cancelación parcial do convenio “Maderne e Silvachá”, 2717559, no ámbito da parcela 31 do polígono 87. Achegan o acordo de conformidade de certos propietarios de parcelas incluídas neste convenio, non obstante, indican que non contan co acordo de todos os propietarios, “xa que algúns faleceron e descoñécense os herdeiros”.

**Cuarto.-** Con data do 10/8/2016 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia un escrito de D. Manuel Gutiérrez Fernández e Dña. Leandra Fernández López indicando o seguinte:







1.- “D. Manuel Gutiérrez López (pai e marido dos solicitantes) nunca asinou un poder de representación para asinar o convenio Maderne e Silvachá, 2717559, e polo tanto a finca en cuestión debería seguir dentro do consorcio LU-2192, Cruz do Pito.

2.- Os propios asinantes do convenio recoñecen que D. Manuel Gutiérrez, representante da Casa Conde, nunca asinou o poder nin se considerou que a súa parcela estivera dentro do convenio Maderne e Silvachá, 2717559.

3.- A finca “Rego de Valancela” foi adxudicada na división particional do monte abertal a D. José M<sup>a</sup> Fernández Sampedro (pai de dona Leandra Fernández López) correspondéndose co que hoxe figura no catastro como parcela 31 do polígono 87 do concello da Fonsagrada.

Por todo o anterior, solicito en resposta ao requirimento que se continúe a tramitación da cancelación da parcela 31 do polígono 87 do consorcio LU-2192 Cruz do Pito”.

**Quinto.-** O 16/12/2016 a técnico do distrito Fonsagrada – Os Ancares emite un informe do estado forestal da parcela 31 do polígono 87. Segundo este informe a superficie incluída dentro do ámbito do consorcio é de 1,46 ha.

**Sexto.-** O 26/4/2017 dona M<sup>a</sup> del Pilar Darriba Muñoz, secretaria-interventora do Concello da Fonsagrada, certifica que o 25/4/2016 o pleno do Concello da Fonsagrada acordou a cancelación parcial do consorcio “Cruz do Pito”, LU-2192, na parcela 31 do polígono 87.

**Sétimo.-** En aplicación da disposición transitoria cuarta da Lei 9/2017, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, o 22/7/2020 o xefe do Servizo de Montes de Lugo certifica que **o consorcio “Cruz do Pito”, con número de elenco LU-2192, non presenta saldo debedor.**

**Oitavo.-** O 4/3/2021 o secretario xeral técnico, por delegación do Conselleiro, acordou declarar a extinción total do convenio do monte “Maderne e Silvachá”, con número de elenco 2717559.

**Noveno.-** Con data do 26/3/2021 o Servizo de Montes de Lugo propuxo a rescisión parcial do consorcio con número de elenco LU-2192.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS

**Primeira.-** A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, establece no seu artigo 27 que á Comunidade Autónoma de Galicia correspóndelle a competencia exclusiva en materia de montes.

**Segunda.-** O artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, confire aos conselleiros as atribucións relativas aos contratos de asuntos propios da súa consellería. Non obstante, a competencia delegada para ditar esta resolución correspóndelle á Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, en virtude do establecido no apartado 2 do artigo 1 da Orde do 17 de novembro de 2015, de delegación de competencias en diversos órganos desta consellería (DOG núm. 223, do 23 de novembro de 2015).

**Terceira.-** O consorcio asinou ao abeiro do disposto no artigo 42 da entón vixente Lei 8 de xuño de 1957, de Montes -actualmente derogada pola disposición derogatoria única da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes-, segundo o cal “O Estado, a través do Patrimonio Forestal, poderá subscribir e





*establecer consorcios para a repoboación de montes de propiedade pública ou privada, de acordo co disposto na Lei de 10 de marzo de 1941 (RCL 1941,687)".*

A citada Lei de 10 de marzo de 1941, sobre o Patrimonio Forestal do Estado, establecía no seu artigo 9º que os terreos que constitúen o Patrimonio Forestal do Estado *"a que fai referencia o apartado d) do artigo segundo poderán obterse:*

*Primeiro – Por consorcios ou outros convenios cos propietarios que, directamente ou por intermedio de corporacións públicas e temporalmente ou definitivamente aporten ao Patrimonio os seus terreos con o sen reserva de dereitos sobre os mesmos, a fin de obter unha participación nos beneficios que no seu día se obteñan das masas creadas".*

En canto á natureza deste negocio xurídico, do previsto no artigo 57 do Regulamento para a aplicación da Lei de 10 de marzo de 1941, aprobado por Decreto de 30 de maio de 1941, se desprende o carácter contractual dos consorcios.

**Cuarta.-** En canto ao réxime de duración e extinción dos consorcios, cómpre ter en conta en primeiro lugar que malia que a disposición derogatoria única da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes, derogou a Lei de 8 de xuño de 1957, a disposición adicional primeira mantén a vixencia dos convenios e consorcios de repoboación forestal celebrados ao amparo da lexislación derogada, ata a data da súa finalización.

Asemade, en canto á duración dos consorcios e as restantes condicións dos mesmos, fronte á regulación do artigo 56 do dito Regulamento -na que se mencionaba a "cesión temporal ou indefinida" dos terreos ao Patrimonio Forestal do Estado-, a Lei de Montes de 1957 recolle no seu artigo 53.2 o carácter necesariamente temporal dos consorcios, ao indicar que *"nas normas regulamentarias para a execución da presente Lei se especificarán as condicións mínimas e técnicas que haberán de conterse nestes consorcios, que se formularán, sempre, con carácter temporal, así como o procedemento que ha de seguirse para o outorgamento das autorizacións que procedan polos Ministerios da Gobernación e de Agricultura".*

**Quinta.-** A Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, veu derogar a disposición transitoria novena da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e regular na **disposición transitoria cuarta** a cancelación e finalización dos consorcios e convenios de repoboación forestal existentes no momento da súa entrada en vigor, eliminado o requisito de aprobación previa pola Administración dun instrumento de ordenación ou de xestión con carácter previo á extinción dos ditos consorcios e convenios:

*"Disposición transitoria cuarta. Montes con consorcios ou convenios coa Administración.*

*1. Os consorcios ou convenios de repoboación coa Administración forestal existentes nos montes no momento da entrada en vigor desta lei serán obxecto de:*

*a) Cancelación de oficio nun prazo que terminará o 31 de decembro de 2021, nos casos seguintes:*

*– Montes que non presenten saldo debedor na data de entrada en vigor desta lei ou en calquera momento dentro do prazo máximo estipulado.*

*– Montes catalogados de dominio público que pasen a xestionarse de acordo co establecido no artigo 34 e seguintes da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.*

*– Montes que non consigan os fins para os cales se subscribise o convenio ou o consorcio por causas relacionadas co estado legal, forestal, administrativo ou económico do monte.*







*Considerarase que non se cumpriron estes fins, entre outras causas, cando o arborado existente ocupe unha superficie inferior ao 30 % da total do consorcio ou convenio, agás por afectación de incendios forestais posteriormente á data de entrada en vigor desta lei, polo que neste caso de afectación de incendios forestais a superficie arborada queimada considerarase como superficie arborada para os efectos do cómputo desta porcentaxe do 30 %.*

*Para efectos do cómputo dese 30 % non se contabilizará o arborado cunha idade inferior aos 5 anos.*

*b) Finalización nun prazo que rematará o 31 de decembro de 2021, momento en que deberá asinarse un contrato temporal de xestión pública que substitúa o consorcio ou o convenio finalizado. No caso de non se formalizar o devandito contrato no prazo establecido, o titular do monte deberá aboar o saldo debedor do convenio ou consorcio finalizado á Comunidade Autónoma; para iso, poderá aboalo nun único pagamento ou a través dun plan de devolución plurianual. No caso de non se producir o aboamento total ou da cota anual disposta no devandito plan, procederase á súa anotación preventiva, en concepto de carga real, das cantidades debidas á Comunidade Autónoma de Galicia no correspondente rexistro da propiedade, e non poderán ter axudas ou beneficios de ningún tipo mentres non regularicen a súa situación nos termos previstos nesta lei.*

*(...)*

*5. As cancelacións referidas no número 1 desta disposición transitoria publicaranse no «Diario Oficial de Galicia» e na páxina web da consellería competente en materia de montes.*

*(...)*

*8. Para o cálculo do saldo debedor do convenio ou consorcio non se terán en conta os investimentos e cargos realizados pola Administración forestal con anterioridade ao ano 2005, sen que isto supoña, en ningún caso, a existencia dun saldo favorable ao titular do monte.”*

Segundo consta no expediente, o Servizo de Montes de Lugo comprobou que a contabilidade do consorcio non ten saldo debedor, polo que concorren os requisitos previstos para a cancelación na Lei 9/2017, do 26 de decembro.

**Sexta.-** Segundo a base 16ª do consorcio, o consorcio “*terá carácter administrativo e todas as cuestións que xurdan acerca do seu cumprimento, rescisión, execución, interpretación e demais incidencias (...), corresponderán á xurisdición administrativa do Ministerio de Agricultura, (...).*

*As resolucións deste serán impugnables, mediante recurso de alzada ante o Ministerio de Agricultura”.*

**Sétima.-** O artigo 82.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dispón que se poderá prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado.

## CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

A parcela 31 do polígono 87 do concello da Fonsagrada xa foi excluída do plano do consorcio “Cruz do Pito”, LU-2192, no momento en que fixo o plano do convenio “Maderne e Silvachá”, 2717559. Polo tanto xa non é preciso modificar o plano actual do consorcio.

Polo exposto, logo de examinar a solicitude formulada, a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, a Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, a Lei de 10 de marzo de 1941, a Lei 8 de xuño de 1957, de Montes, e demais normativa de aplicación, **a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal PROPÓN** a adopción da seguinte





## RESOLUCIÓN

**Primeiro.-** Declarar a extinción parcial de 1,46 ha do consorcio do monte “Cruz do Pito”, con número de elenco LU-2192, a petición de D. Manuel Gutiérrez Fernández e dona Leandra Fernández López, en calidade de propietario e usufrutuaria do parcela 31 do polígono 87 do concello da Fonsagrada, con reintegro do dereito de voo aos titulares do monte, e sen que teñan que aboar cantidade ningunha á Xunta de Galicia por non presentar a contabilidade do consorcio saldo debedor.

**Segundo.-** Que no sucesivo as características do consorcio do monte “Cruz do Pito”, LU-2192, sexan as seguintes:

Nome: Cruz do Pito  
Número de elenco: LU-2192  
Superficie: 17,81 ha  
Pertenza: Parroquias de Maderne e Neiro  
Concello: A Fonsagrada

**Terceiro.-** Notificar esta resolución aos interesados, segundo o previsto nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e publicar o contido da mesma no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Consellería do Medio Rural, de conformidade co disposto na disposición transitoria cuarta da Lei 9/2017, do 26 de decembro.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o órgano de contratación, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación (segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto conforme ao disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Planificación e Ordenación Forestal

Xosé Luís Chan Rodríguez

Vista a anterior proposta de resolución que realiza a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal e o informe favorable da Asesoría Xurídica, este centro directivo **ACORDA** darlle a súa aprobación nos seus propios termos.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O conselleiro do Medio Rural

(P.D. art. 1.2 da Orde do 17/11/2015; DOG núm. 223, de 23/11/2015)

O secretario xeral técnico

Nicolás Vázquez Iglesias

